



Acordo do 8 de xaneiro o de 2014, do tribunal cualificador das probas selectivas para a cobertura dunha praza, por promoción interna, do corpo de xestión do Parlamento de Galicia e pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección, polo que se convocan os aspirantes para a realización do primeiro e segundo exercicio.

Para os efectos do establecido na base 7.5 da convocatoria do proceso selectivo, na reunión do 8 de xaneiro de 2014, o tribunal cualificador das probas selectivas para a cobertura dunha praza, por promoción interna, do corpo de xestión do Parlamento de Galicia acordou:

1º. Convocar os aspirantes para a realización do primeiro e segundo exercicio nas seguintes data, hora e lugar:

- **Primeiro exercicio:** o luns, 20 de xaneiro, ás 10 horas, na sala F da planta baixa do Pazo do Parlamento de Galicia.
- **Segundo exercicio:** o luns 20 de xaneiro, ás 12 horas, na sala F da planta baixa do Pazo do Parlamento de Galicia.

Conforme o establecido na base sexta (6.1.3) da convocatoria, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas de documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade. Así mesmo, deberán levar bolígrafo de cor azul ou negra.

De acordo co establecido na base sexta (6.1.5) da convocatoria, absteranse de acudir provistos de teléfono móbil, obxectos e demais dispositivos de carácter electrónico.

2º. Publicar este acordo na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2014

Javier Suárez García
Presidente do tribunal